

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO ACADÉMICO: 2019-20

2ª Lingua Estranxeira: Francés

4º ESO

IES EDUARDO PONDAL

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

SUMARIO:

4º ESO:	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
2. Avaliación e cualificación	6
3. Metodoloxía	7
4. Información e publicidade	9

1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 4º ESO

Bloque 1.- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE

B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

Bloque 2.- PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:

B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.

SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxeas de oíntes sobre o contido destas.

B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.

SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais e sinxelas relativas a necesidades inmediatas, información sobre lugares, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.

Bloque 3.- COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:	
B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descriptivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
Bloque 4.- PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS:	
B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.
B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).
B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.
Bloque 5.- COÑECEMENTO DA LINGUA, E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE:	

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases
B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.
B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

2- Avaliación e cualificación 4º ESO

Avaliación

Procedementos

Dado o carácter progresivo da materia, aplícase a avaliación continua e polo tanto, se unha alumna/o suspende a primeira avaliación quedará recuperada automaticamente se aproba a segunda .

Neste terceiro trimestre os contidos e estándares anteriormente referenciados serán avaliados mediante a corrección dunha serie pechada de actividades variadas que o alumno está a realizar, a través de medios telemáticos.

A selección destes estándares permitirá recuperar os contidos non superados, afondar e ampliar competencias.

Teremos en conta dúas situacións:

1. Alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou a segunda aprobada que pode **mellorar a súa cualificación** traballando con tarefas de reforzo e ampliación no terceiro trimestre.
2. Alumnado con dúas avaliacións suspensas ou a segunda suspensa que pode **recuperar** traballando con tarefas de repaso e reforzo no terceiro trimestre.

Instrumentos

- Participación e interacción co profesorado: consulta de dúbidas, visualización do material que enviado polo profesor.
- Entrega de traballos solicitados: formularios de comprensión, búsquedas de información, gravacións de expresión oral, traballos escritos individuais e colaborativos.

Cualificación final

A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:

1. **Alumnado con dúas avaliacións aprobadas ou coa segunda aprobada:** a cualificación será a da 2ª avaliación podendo sumar ata 20% máis polas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial.

	2. Alumnado coas dúas avaliacións suspensas, ou a segunda suspensa: Farase unha valoración das tarefas entregadas durante o terceiro trimestre e se se alcanza unha media igual ou superior ao 5, terá un aprobado na materia. Unha vez superada a materia, este alumnado poderá tamén ver incrementada a súa cualificación ata un 20% coas tarefas de ampliación realizadas na fase non presencial. Ao longo do trimestre, o profesorado fará un seguimento das tarefas asignadas que deberán presentarse en tempo e forma. Deste xeito, todo o alumnado poderá mellorar a nota das dúas primeiras avaliacións se traballa e se esforza ao longo da fase non presencial.
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria de setembro será presencial se é posible. Nela entrarán únicamente os contidos e estándares traballados na primeira e segunda avaliación. Procedementos e instrumentos de avaliación: O alumnado será convocado a un exame presencial que consistirá nunha proba escrita que avalíe a selección de estándares e competencias reflectida no punto 1. Se non é posible o examen presencial, habilitarase un procedemento similar (mediante realización e entrega telemática de traballos) ao deseñado para a avaliación ordinaria.
Avaliación de materias pendentes	Criterios de avaliación: A proba prevista para o mes de maio será substituída por unha serie de actividades relacionadas cos estándares básicos da materia.
	Criterios de calificación: 40% da nota: realización do conxunto de actividades propostas. 60% da nota: corrección de cada tarefa (evaluando contido e forma).
	Procedimientos e instrumentos de evaluación: - Caderno de actividades entregado por correo electrónico ao alumnado que deberá devolver unha vez realizadas as

	actividades propostas. - O alumnado recibirá notificación mediante correo electrónico dos criterios de calificación e das datas para a entrega das actividades. - O docente comunicará ao titor as dificultades ou incidencias do alumno - A xefa de departamento estará sempre a disposición do alumnado para calquera dúbida ou necesidade que teña.
--	---

3- Metodoloxía empregada para desenvolver co alumnado actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes. 4º ESO

- Con carácter xeral, realízanse actividades nas que os alumnos poidan **aprofondar no xa aprendido**, como medida de reforzo e mellorar así a súa capacidade de comunicación na lingua oral e escrita.
- Actividades para mellorar a competencia lingüística en FLE, tanto na expresión coma na comprensión.
- Selección de actividades multimedia, en liña, nalgúns casos autocorrectivos e case sempre interactivos.
- Planificar todas as actividades **aumentando gradualmente o nivel de dificultade**, buscando actividades interdisciplinares..
- Traballar **as catro destrezas da lingua**: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita en cada unidade proposta.
- Revisión de contidos gramaticais esenciais con apuntamentos teóricos e actividades prácticas.
- Traballar o léxico secuenciado por familias, en diferentes formatos.
- **Reforzar contidos** e ampliar unicamente ámbitos que os alumnos poidan aprender en autonomía, con apoio telemático, como **novos campos semánticos**.
- Redactar textos, con diferente grao de dificultade, a partir de imaxes.
- Contar como transcorre ,para os alumnos, un día de confinamento. Que actividades realizan, que pensan, cal é o seu estado de ánimo, etc.

Medio ou medios telemáticos empregados.

- **Aula Virtual.** Plataforma Moodle. Desde esta plataforma enviamos material didáctico moi diverso aos alumnos aos cales poden acceder, unha vez matriculados, a través da páxina web do centro. Esta plataforma permítenos enviar todo tipo de arquivos para a aprendizaxe de FLE. Ao mesmo tempo podemos, entre outras moitas cousas, saber cando e canto tempo estiveron conectados á plataforma e mesmo imprimir estes datos nunha folia de cálculo.
- **Correo corporativo** que todo o alumnado posúe por medio do cal nos comunicamos regularmente.
- **Blogs seleccionados e especializados en FLE.**
- Portais de internet para o estudio do Francés Língua Estranxeira ou Lingua Segunda
- **Páxinas web francófonas seleccionadas con actividades variadas** ludo-pedagógicas , interactivas, e en boa medida, autocorrectivas.

Periodicidade das comunicacións co alumnado e medio ou medios de comunicación empregados.

- Envíaselles ao alumnado, preferentemente ao inicio de cada semana, actividades variadas, apuntamentos, explicacións gramaticais, etc para que cada alumno traballe ao seu ritmo, procurando que o tempo traballado non supere o tempo dedicado no período de clases presenciais.
- Basicamente a través do correo electrónico corporativo, medio polo que os alumnos envían as actividades, fan preguntas sobre posibles

dúbdas ou demandan aclaracións.

- Sen embargo, e dada a excepcionalidade da situación que estamos a vivir, a periodicidade da comunicación co noso alumnado, sobre todo na fase de confinamento, non respecta nin fins de semana nin días festivos.

4- Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

A información contida neste documento será enviada aos alumnos por correo electrónico.

Publicidade

Publicación obrigatoria na web do centro, dentro da sección do departameto de Francés.